



BOP

SÁBADO, 5 DE MARZO DE 2022

N.º 052

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 25 de febreiro de 2022, acordou a aprobación das bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2022, o gasto e os modelos de solicitude e de conta xustificativa.

SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2022, e os modelos de solicitude tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as **entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo** (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada liña e de acordo coas condicións establecidas na presente convocatoria en cada unha das distintas liñas de axudas.

- Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (**actividade competitiva**) todas aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.
- Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (**organización de evento deportivo**) todas aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (con sede e/ou delegación na provincia) que desenvolvan eventos deportivos de CARÁCTER PUNTUAL na provincia de Lugo das disciplinas e especialidades deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, e especialmente ao abeiro de competicións oficiais organizadas pola Federación oficial respectiva e da súa normativa, e que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases. O evento para o que se solicite a axuda cinguirase unicamente a un (1) único evento de carácter puntual.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o

desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2022. En consecuencia, quedan excluídas da presente convocatoria as sociedades anónimas deportivas.

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada

B. Liña de axudas para a organización de evento deportivo

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, http:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

- Contía: 500.000,00 €.

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada	470.000,00 €
B. Liña de axudas para a organización de evento deportivo	30.000,00 €

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa para cada liña:

LIÑA	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Liña de axudas á actividade competitiva federada	300 €	5.000,00 €
Liña de axudas para a organización de evento deportivo	300 €	2.000 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación da subvencións.

Lugo, 2 de marzo de 2022.- "O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón". O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0450

CONCELLOS ANTAS DE ULLA *Anuncio*

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL 2022

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2022, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2022, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 2.391.705,00 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos do Persoal	1.299.482,50 €
2	Gastos correntes en bens e servizos	565.738,33 €

3	Gastos financeiros	8.150,00 €
4	Transferencias correntes	64.375,17 €
5	Fondo de continxencia	0,00 €
6	Investimentos reais	365.309,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	73.650,00 €
TOTAL GASTOS		2.391.705,00 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	430.000,00 €
2	Impostos indirectos	50.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	243.500,00 €
4	Transferencias correntes	1.358.350,00 €
5	Ingresos patrimoniais	500,00 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencia de capital	221.855,00 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	72.500,00 €
TOTAL INGRESOS		2.391.705,00 €

De forma conxunta, aprobáronse as bases de execución e o plantel de persoal; de conformidade co disposto no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, o cadro de persoal estrutúrase do seguinte xeito:

CADRO DE PERSOAL:

- **PERSOAL FUNCIONARIO**

- 1 Secretaría- Intervención: Grupo A1; CD: 22
- 1 asistente social: Grupo A2; CD: 18
- 1 axente de emprego e desenvolvemento local: Grupo A2; CD: 18
- 1 administrativo: Grupo C1; CD: 18.
- 2 auxiliares administrativos: Grupo C2; CD: 14 (unha das prazas, vacante)
- 1 auxiliar administrativo: Grupo C2; CD: 12
- 1 subalterno: Grupo E; CD: 11 (vacante)

- **PERSOAL LABORAL :**

- 1.- **PERSOAL LABORAL FIXO:**

- 2 operarios multiservicios
- 1 encargada da Biblioteca Municipal
- 1 operario recollida lixo

- 2.- **PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**

- 1 Traballador Social

- 1 Auxiliar Ss. Sociais
- 28 auxiliares SAF
- 7 limpeza
- 1 información xuvenil
- 1 vixianza
- 3 socorristas
- 3 peóns (APROL Rural)
- 2 xefes de brigadas loita contra incendios forestais
- 2 peóns condutores brigadas loita contra incendios forestais
- 6 peóns forestais de brigadas loita contra incendios forestais
- 3 peóns (Programa Fomento de Emprego)
- 1 peón mantemento vías públicas
- 6 peóns COVID-19
- 1 Pedagogo (Servizo de Atención Temperá)
- 1 Logopeda (Servizo de Atención Temperá)
- 1 Psicopedagogo (Servizo de Atención Temperá)

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Antas de Ulla, 28 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0438

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión extraordinaria de data 25 de febreiro de 2022, o Orzamento Xeral do Concello de Folgoso do Courel para o ano 2022, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 28 de febreiro de 2022.- A alcaldesa, Dolores Castro ochoa.

R. 0439

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión extraordinaria realizada o 25 de febreiro de 2022, o regulamento de control interno na súa modalidade de Fiscalización e Intervención previa limitada, exponse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional. O expediente atópase a disposición nas dependencias municipais do Concello.

Folgoso do Courel, 28 de febreiro de 2022.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0440

LUGO

Anuncio

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/89 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 5 DE XULLO DE 2019 RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (Exp. 2022/G004/000138).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDESA PRESIDENTA, do seguinte teor literal:

“MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/89 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 5 DE XULLO DE 2019 RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (Exp. 2022/G004/000138).-Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- Que o 5 de xullo de 2019, o Pleno da Corporación municipal aprobou, entre outros, o réxime de asignacións por asistencias e indemnizacións a membros da Corporación e grupos políticos, determinando os supostos de retribucións e asignacións de dedicacións exclusivas e parciais, modificado por acordos plenarios de datas 31.10.2019 e 29.04.2021.

2.- Que o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular solicita o 28 de xaneiro de 2022 que unha das dúas dedicacións exclusivas que ten o Grupo Popular sexa dividida en dúas parciais ao 50% (número 33/2022 de Rexistro de entrada do Pleno).

Esta Alcaldía, ao abeiro dos artigos 75 e 123 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e da Base 18.i.2) do Orzamento Xeral, PROPONLLE ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo número 6/89 do Pleno extraordinario do 5 de xullo de 2019 relativo ás asignacións por asistencias e indemnización a membros da corporación e asignacións económicas a grupos políticos municipais no que atinxe ao parágrafo A) referido as asignacións ao grupo municipal do Partido Popular, no seguinte sentido:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS: (...)

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 3.172,40 euros mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 11 concelleiros/concelleiras: (...)

-Un concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular.

Así mesmo están dotados en réxime de dedicación parcial na contía de 1.586,20 euros mensuais, en catorce mensualidades, os/as seguintes 4 concelleiros/concelleiras: (...)

-Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

As percepcións das dúas dedicacións parciais asignadas ao Grupo Municipal do Partido Popular producirán efectos dende a data do Decreto da Alcaldía de asignación das ditas dedicacións parciais aos respectivos concelleiros/as do citado grupo municipal.

SEGUNDO.- Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo plenario e nas súas modificacións posteriores.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo ás dependencias e Grupos Políticos municipais, e proceder á publicación regulamentaria.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 18 de febreiro de 2022.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- Votos a favor:	23	dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- Votos en contra:	0	
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Modificar o acordo número 6/89 do Pleno extraordinario do 5 de xullo de 2019 relativo ás asignacións por asistencias e indemnización a membros da corporación e asignacións económicas a grupos

políticos municipais no que atinxe ao parágrafo A) referido as asignacións ao grupo municipal do Partido Popular, no seguinte sentido:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓN E ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS: (...)

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 3.172,40 euros mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 11 concelleiros/concelleiras: (...)

-Un concelleiro/a do Grupo Municipal do Partido Popular.

Así mesmo están dotados en réxime de dedicación parcial na contía de 1.586,20 euros mensuais, en catorce mensualidades, os/as seguintes 4 concelleiros/concelleiras: (...)

-Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

As percepcións das dúas dedicacións parciais asignadas ao Grupo Municipal do Partido Popular producirán efectos dende a data do Decreto da Alcaldía de asignación das ditas dedicacións parciais aos respectivos concelleiros/as do citado grupo municipal.

SEGUNDO.- Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo plenario e nas súas modificacións posteriores.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo ás dependencias e Grupos Políticos municipais, e proceder á publicación regulamentaria.

Lugo, 28 de febreiro de 2022.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 0441

MURAS

Anuncio

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2022, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería por importe de por un importe de 105.919,91 €.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Muras, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente consideraranse definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Muras, 28 de febreiro de 2022.- Sr. Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0442

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural, en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2022, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2021.**

- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2021.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que os aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 1 de ABRIL de 2022 ata o 1 de XUÑO de 2022, ambos inclusive**.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederáse á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 25 de febreiro de 2022.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0443

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XANEIRO 2022

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de febreiro de 2022 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xaneiro de 2022 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xaneiro : 3208,37 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciárase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de marzo de 2022 e o 01 de maio de 2022. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 28 de febreiro de 2022.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0444

POL

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento para o exercicio económico de 2022, por acordo do pleno adoptado en sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2022, en cumprimento co que dispón o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que dito Orzamento ascende, en Gastos a contía de 2.789.736,96 euros e en Ingresos, á contía de 2.789.780,35 euros, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS		
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONTÍA (EUROS)
1	GASTOS DE PERSOAL	458.001,64 €
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.080.595,35 €
3	GASTOS FINANCEIROS	7.479,86 €
4	TRANSFERENZAS CORRENTES	121.900,00 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	1.000,00
	TOTAL GASTOS CORRENTES	1.668.976,85 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.066.331,27 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	54.428,84
	TOTAL GASTOS DE CAPITAL	1.120.760,11 €
	TOTAL ORZAMENTO	2.789.736,96 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONTÍA (EUROS)
1	IMPOSTOS DIRECTOS	439.000,00 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	68.000,00 €
3	TASAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS	560.400,00 €
4	TRANSFERENZAS CORRENTES	887.939,21 €
	TOTAL INGRESOS CORRENTES	1.955.339,21 €
7	TRANSFERENZAS DE CAPITAL	834.441,14 €
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	TOTAL INGRESOS DE CAPITAL	834.441,14 €
	TOTAL ORZAMENTO	2.789.780,35 €

Na referida sesión, tamén se acordou aproba-la plantilla de persoal desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

PLANTILLA DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2022

<u>A/</u>	<u>FUNCIONARIOS</u>	<u>Nº PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>NIVEL</u>	<u>SITUACIÓN</u>
1	Escala Habilitación Nacional				Vacante por comisión de servizos, dotada
1.1	Subescala Secretario-Interventor				
1.1.a.	Posto: Secretario-Interventor	1	A1/A2	26	
2	Escala Administración Xeral				
2.2	Subescala Administrativo				
2.2.a.	Posto: Administrativo-Contable	1	C1	22	Vacante, dotada
2.3	Subescala auxiliar				
2.3.a.	Posto: Auxiliar administrativo	2	C2	18	Vacante, dotadas
<u>B/</u>	<u>PERSOAL LABORAL</u>	<u>Nº POSTOS</u>	<u>GRUPO COTIZ.</u>	<u>SITUACIÓN</u>	
	Traballadora Social	1	3	Vacante, dotada	
	Peón de oficios múltiples	6	10	Vacantes, dotadas	
	Albanel (oficial 1ª)	1	10	Vacante, dotada	
	Limpadora	1	10	Vacante, dotada	
	Mestra	1	2	Vacante, dotada	
	Asistente Infantil	1	8	Vacante, dotada	
	Encargada de Axencia de Lectura	1	7	Vacante, dotada	

Pol, 28 de febreiro de 2022.- Alcalde-Presidente, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0445

SAMOS

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 17.02.2022 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 1º trimestre de 2020, expone ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA de Samos, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os

actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 22 de febreiro de 2022.- ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 0447

SARRIA

Anuncio

O 1 de febreiro de 2022, o alcalde de Sarria mediante o DECRETO 2022-0105 (expediente 49/2022) aprobou as BASES DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIOS DE SERVIZO DE DEPORTES NO CONCELLO DE SARRIA. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 10 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

“Expediente núm.: 49/2022

Bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de selección

Procedemento: Creación dunha Bolsa de Emprego de Operarios de Servizo de Deportes no Concello de Sarria

DECRETO DE ALCALDÍA APROBANDO A CONVOCATORIA E BASES

Antecedentes:

Vista a necesidade de creación dunha bolsa de operarios para o Servizo de Deportes de cara a cubrir as urxentes e inaprazables necesidades que se xeren neste servizo.

Considerando o informe de Intervención 2022-0011

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as **BASES DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIOS DE SERVIZO DE DEPORTES NO CONCELLO DE SARRIA**

SEGUNDO. Publicar un extracto da convocatoria no BOP sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancia así como na sede electrónica deste Concello <http://sarria.sedelectronica.es>.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIOS DE SERVIZO DE DEPORTES NO CONCELLO DE SARRIA.

As presentes bases teñen coma obxectivo regular o proceso de constitución dunha bolsa de emprego de operarios de servizos na área de deportes no Concello de Sarria, de cara a cubrir urxentes e inaprazables necesidades de persoal que se xeren neste servizo.

Trasládase a Intervención para a súa fiscalización aos efectos de seguir coa tramitación administrativa.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 11 e 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Os artigos 177 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

— A Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

— O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, modificado polo Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

PRIMEIRO. Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para a creación dunha bolsa de emprego na categoría profesional de operario de servizos, en réxime de persoal laboral temporal, para cubrir de forma áxil e diligente do persoal laboral deste Concello. A modalidade do contratación é a regulada no artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, conforme á modificación do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e sempre que conste xustificación bastante e crédito axeitado e suficiente para proceder á contratación.

O perfil de operario é o dunha persoa que realiza os traballos propios do servizo que lle corresponda e ao que sexa asignado para desempeñar o seu traballo. Entre as tarefas a levar a cabo podemos citar:

- Realizar as tarefas específicas da súa posto/unidade, baixo a supervisión do encargado/encargada, e con certa autonomía cando lle sexa requirido en labores do seu oficio.
- Desempeñar funcións de conserxería básica: tarefas de control de accesos, apertura, peche, acceso e apagado de luces, etc.
- Preparar e coidar as superficies de xogo: marcaxe, recheo, reparación, etc.
- Desenvolver bricolaxe xeral básica de mantemento en labores de fontanería, ferraxería, carpintería, xardinería, etc.
- Participar no acondicionamento, limpeza e tratamento químico das instalacións deportivas.
- Colocar-retirar accesorios deportivos.
- Desenvolver xardinería básica: poda, sementa, sega céspede, abonado, rega, fumigación, etc.
- Limpar e desinfectar as instalacións.
- Conectar, desconectar e controlar sistemas eléctricos e outros.
- Cumprimentar cuadrantes de uso das instalacións deportivas.
- Cumprimentar partes de traballo.
- Controlar e custodiar produtos químicos utilizados nas instalacións.
- Manter ordenados os aparellos e materiais deportivos ou relacionados.
- Custodiar as instalacións, maquinaria, ferramentas, etc.
- Coñecer, observar e aplicar de maneira permanente as normas e indicacións de seguridade e saúde no traballo.

En xeral, estamos ante tarefas para as que se require, principalmente, esforzo físico, sen necesidade de coñecementos especializados que se adquiran coa práctica continuada do oficio a desempeñar, a este respecto as titulacións correspondentes aos distintos grupos de clasificación profesional, recóllense no artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Con todo, este precepto complementase coa Disposición adicional sexta do TREBEP, relativo a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación, que di: «1. Ademais dos Grupos clasificatorios establecidos no artigo 76 do presente Estatuto, as Administracións Públicas poderán establecer outras agrupacións diferentes das enunciadas anteriormente, para cuxo acceso non se esixa estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.

2. Os funcionarios que pertencen a estas agrupacións cando reúnan a titulación esixida poderán promocionar de acordo co establecido no artigo 18 deste Estatuto».

As persoas integrantes da bolsa serán contratadas por a orde de puntuación ao obxecto da súa contratación para prestar servizos no posto que corresponda, ca xornada laboral e duración da mesma adecuadas ás necesidades que motiven o nomeamento en cada un dos casos e sempre de acordo ás normas legais aplicables vixentes en cada momento.

A contratación extinguirase cando cese a necesidade que a xustificou.

A contratación levarase a cabo baixo as formas permitidas no artigo 15 do TRET, no grupo 10 de cotización.

O horario e as restantes condicións de emprego (salario, xornada laboral, etc.) serán os establecidos polo Concello para o correspondente posto. A Corporación resérvase a facultade de establecer o horario e as modificacións que considerase oportunas para o mellor desempeño do servizo, respectando, en calquera caso, as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descanso.

SEGUNDO. Procedemento de selección.

A selección efectuarase mediante **oposición**, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

TERCEIRO. Requisitos dos aspirantes.

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro.

Para ser admitidos á realización das probas, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolucións xudiciais, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións nacionais de outro Estado. No caso de ser nacional doutro Estado, non ser inhabilitado ou estar en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso o emprego público.
- e) Non estar en causa de incapacidade o incompatibilidade conforme á lexislación vixente.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

CUARTO. Instancias.

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **10 días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no **Boletín Oficial da Provincia**.

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no **Anexo II** das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Xustificante do pagamento de dereito a exame, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora, que ascende á cantidade de **12,00 euros**, e que deberá ingresarse no seguinte número de conta do Concello: ES4320800143363110000018.

Estas Bases publicaranse na sede electrónica municipal <https://sarria.sedelectronica.es>

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal. <https://sarria.sedelectronica.es>

QUINTO. Admisión e exclusión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días naturais**, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **2 días naturais**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>___, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

SEXTO. Tribunal Cualificador.

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

SÉTIMO. Proceso selectivo.

O proceso selectivo levarase a cabo baixo o sistema de **oposición**.

Consistirá na realización de unha **única proba** a determinar polo tribunal entre dúas:

A proba **teórica** consistirá na realización dun exame tipo test, de 20 preguntas relacionadas cos contidos do temario que se adxunta no **Anexo I**.

A proba **práctica** consistirá na demostración da habilidade e coñecemento no manexo de útiles, ferramentas ou máquinas que poderán ser empregadas nos traballos a desenvolver polo aspirante no caso de ser contratado.

Na publicación da data da realización da proba se determinará a elección do Tribunal, é dicir, si esta será teórica ou práctica.

OITAVO.- Cualificacións.

As puntuacións obtidas polos aspirantes no exercicio da oposición publicaranse na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>__.

Concederase un prazo de **3 días naturais** para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contará dende a data de publicación dos resultados na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>

NOVENO.- Nomeamento e formación da bolsa de emprego.

Rematadas as dúas fases anteriores, o tribunal publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>__ a relación de aspirantes por orde de puntuación.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

As persoas aspirantes incluídas na bolsa achegarán no prazo de **5 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>___ os documentos seguintes:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

DÉCIMO.- Funcionamento da bolsa de emprego.

A bolsa estará formada polos aspirantes que houberan aprobado o proceso selectivo en orde a súa puntuación e funcionará do seguinte modo.

I- Realizaranse 3 chamadas cunha diferenza dunha 1 hora entre cada chamada, de non haber resposta pasarase ó seguinte, sen penalización. Ao realizar o chamamento de forma telefónica, deixarase constancia de esta actuación por un funcionario do Concello mediante dilixencia na que se reflectirá a data e hora das chamadas, así como a resposta recibida.

II- De rexeitarse a oferta pasará ó final da lista salvo causa xustificada nos seguintes supostos;

- a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.
- b) Embarazo de risco.
- c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.
- d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.
- e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por se mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de **3 días naturais**.

III- Cando se produza o cese dun integrante da lista, incorporarse ó posto da lista que lle corresponda por puntuación.

IV- Os movementos, incidencias e novidades que se produzan na lista publicaranse na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>

UNDÉCIMO.- Impugnación.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

ANEXO I

Tema 1.- A Constitución Española. Dereitos e Deberes fundamentais.

Tema 2.- A Organización Municipal. O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno. As súas competencias e procedemento.

Tema 3.- O deporte. Concepto e clasificacións. Instalacións deportivas municipais no Municipio Sarria

Tema 4.- Sistema métrico decimal: medidas de lonxitude, superficie, capacidade e volume.

Tema 5.- Medidas regulamentarias das canchas deportivas en relación ás diferentes modalidades deportivas. O equipamento deportivo de canchas: porterías, redes, canastras, postes, etc.

Tema 6.- Identificación, descrición e manexo de materiais, ferramentas e pequenas necesarias para desenvolver os labores de mantemento en xardinería (aspersores e difusores. Programadores e electroválvulas. Rego por

goteo), fontanería, pintura, albanelería, carpintería, ferraxería; electricidade (cadros de manobra e corte. Precaucións. Revisión. Avarías).

Tema 7.- Mantemento básico de piscinas. A depuradora: manexo e mantemento; filtros; produtos de depuración. Sistemas de seguridade e plans de emerxencia en edificios e servizos públicos. Primeiros auxilios.

Tema 8.- Maquinaria, utensilios, ferramentas e produtos químicos usados para a actividade de limpeza en Instalacións Deportivas Municipais. Sistemas de limpeza.

Tema 9.- O Concello de Sarria. Xeografía urbana e rural.

Tema 10.- O persoal ao servizo da Administración local. Deberes e dereitos.

ANEXO II (INSTANCIA)

PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE OPERARIO DO SERVIZO DE DEPORTES.			
DATOS DO SOLICITANTE:			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante	<input type="radio"/> Persoa representante	
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
	Código Postal / País:		
Teléfono/s de contacto:			
TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non			
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: 1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fôra necesario.			
PROTECCIÓN DE DATOS: Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:			
LUGAR E DATA:			

Sarria, 1 de marzo de 2022.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0448

VILALBA

Anuncio

Aprobada inicialmente en sesión plenaria ordinaria de data 27 de xaneiro de 2022 a **modificación do cadro (“plantilla”) de persoal funcionario do Concello de Vilalba (creación de posto de traballo de segunda actividade-policía local-)** conforme ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, o expediente e a documentación preceptiva expoñíanse ao público por prazo de quince días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 027, de 3 de febreiro. Durante o indicado trámite de información pública e audiencia aos interesados, non se presentaron reclamacións e/ou suxerencias.

De conformidade co disposto nos artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publícase o acordo de aprobación definitiva do expediente 4994/2021. Así mesmo, se publica na sede electrónica deste Concello [<http://vilalba.sedelectronica.es>].

Aprobación definitiva da modificación do Cadro e Anexo de Persoal funcionario do Concello de Vilalba (creación de posto de traballo de segunda actividade-policía local-)

Crear no Cadro e Anexo de Persoal funcionario do Concello de Vilalba a seguinte praza:

GRUPO DE PROGRAMA 132: SEGURIDADE E ORDE PUBLICO

PRAZA	DENOMINACIÓN DO POSTO	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO	C.D.	C.E. ANUAL	SISTEMA DE PROVISIÓN
Policía Local	Policía Local en segunda actividade(1)	Administración Especial	Servizos Especiais	C1	Posto de orixe(2)	Posto de orixe(2)	Normativa Policía Local

(1) Funcións en segunda actividade:

- Recepción de denuncias formuladas por particulares.
- Funcións relacionadas coa estatística de sinistros.
- Xestión e control dos obxectos perdidos/achados.
- Xestión e control do mantemento dos medios policiais: vehículos, vestiario, equipamento, sistemas de comunicacións, etilómetros, etc.
- Xestión das incidencias, anomalías ou deficiencias, entre elas as recibidas a través da Liña Verde, dos teléfonos policiais ou as observadas directamente.
- Informes varios que non impliquen unha especial dificultade técnica: investigacións de domicilio ou paradiro, labores agrícolas, ocupacións de espazos públicos, danos en camiños ou vías municipais, cans ou outros animais abandonados, e outros similares.
- Inspección policial das ocupacións de vía, espazos públicos e das licenzas e permisos.
- Outras funcións e tarefas que se estimen compatibles coa situación de segunda actividade.

Réxime de traballo: Deberá ser a Xefatura da Policía Municipal, oído o interesado, oídos os representantes sindicais, ponderando as circunstancias do interesado (idade, diminución das condicións psicofísicas ou embarazo e lactación) quen determine a quenda de traballo que debe ocupar o funcionario.

(2) Art. 71 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais.

Vilalba, 28 de febreiro de 2022.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 0449

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2022 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2022, O GASTO E OS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA

BDNS (Identif.): 612826

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/612826>)

SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán solicitar subvencions ao abeiro desta convocatoria as entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada liña e de acordo coas condicións establecidas na presente convocatoria en cada unha das distintas liñas de axudas.

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade competitiva) todas aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (organización de evento deportivo) todas aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (con sede e/ou delegación na provincia) que desenvolvan eventos deportivos de CARÁCTER PUNTUAL na provincia de Lugo das disciplinas e especialidades deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, e especialmente ao abeiro de competicións oficiais organizadas pola Federación oficial respectiva e da súa normativa, e que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases. O evento para o que se solicite a axuda cinguirase unicamente a un (1) único evento de carácter puntual.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencions en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2022. En consecuencia, quedan excluídas da presente convocatoria as sociedades anónimas deportivas.

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada

B. Liña de axudas para a organización de evento deportivo

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://www.deputacionlugo.gal>:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

Contía: 500.000,00 €.

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada 470.000,00 €.

B. Liña de axudas para a organización de evento deportivo 30.000,00 €.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa para cada liña:

LIÑA	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Liña de axudas á actividade competitiva federada	300 €.	5.000,00 €.
Liña de axudas para a organización de evento deportivo	300 €.	2.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación da subvencións.

Lugo, 2 de marzo de 2022.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Asdo: Pablo Rivera Capón.

R. 0451